



A GALICIA DO ANTIGO RÉXIME



Pazo de Liñares, Prado, Lalín. Dominio público



ÍNDICE

A GALICIA DO ANTIGO RÉXIME

1. A GALICIA DO ANTIGO RÉXIME.....	1
2. O SISTEMA AGRARIO: OS FOROS.....	2
3. O NACEMENTO DA INDUSTRIA EN GALICIA.....	3
4. O PAPEL DA MULLER NA SOCIEDADE GALEGA.....	4
<i>Exercicios</i>	6
SOLUCIÓNS.....	7
Exercicio 5.....	7



1. A GALICIA DO ANTIGO RÉXIME

O Antigo Réxime é a denominación que os revolucionarios franceses utilizaban para chamar os sistemas de goberno anteriores á Revolución Francesa de 1789.

Durante toda a Idade Moderna, os séculos XVI, XVII e XVIII, Galicia era unha sociedade fundamentalmente agrícola e cun territorio moi poboado. Foi no século XVIII cando o aumento da poboación fixo que se viran en dificultades que só a emigración solucionarí.

A sociedade seguía sendo estamental. Distinguimos así os **privilexiados**:

- A **nobreza**. A maior parte era absentista (vivían fóra das súas terras, normalmente na Corte, en Madrid) e aquí deixaban uns encargados das explotacións, normalmente os *fidalgos*, estes son o nivel máis baixo da nobreza e facían de intermediarios entre os labregos e os propietarios das terras (mosteiros ou nobres) a cambio dunha comisión.
- **O clero**. Cobraba impostos como os *décimos*, dábanlles esmolos aos labregos, aos que tamén lles cobraban os *foros*. Durante este tempo, Santiago de Compostela era das máis ricas catedrais de España e esa riqueza utilizouse en reforzar o seu poderío con máis construcións e obras de arte, o seu legado cultural e artístico é incuestionable. Ao seu favor hai que dicir que, normalmente, os foros da Igrexa eran máis febles que os dos nobres.

Tanto uns coma outros conseguiron esa riqueza grazas ao esforzo do pobo.

E os **non privilexiados**:

- **O pobo**. Pasaban do 95 % do total da poboación e sobre eles recaía a maior parte do esforzo produtivo e impositivo. Os labregos eran a maioría, sobre o 80 %, pero aínda así houbo diferenzas entre eles, non era o mesmo un *xornaleiro* que un *foreiro*.

Logo, nunha porcentaxe moi variable, temos os mariñeiros, comerciantes, artesáns e outros oficios menos numerosos. Pagaban impostos á Igrexa e á nobreza e a súa situación dependía do traballo propio.

«A alimentación variaba en función dos grupos sociais, das comarcas e das estacións do ano. A dieta labrega era pobre e monótona, con grandes irregularidades estacionais e elaboracións culinarias simples. A base da alimentación eran os cereais: centeo no interior, millo e algo de trigo na costa, consumidos como pan ou papas, mesturando a fariña con caldo, auga ou leite, e, sobre todo, o caldo de verzas con algo de unto. Raras veces, unha pouca carne de porco. Nas comarcas de monocultivo vitícola do interior escaseaban o pan e os produtos lácteos. No seu lugar, consumían castañas e sardiñas; tamén se consumía peixe no litoral e nas cidades. As cantidades eran moi escasas e a inmensa maioría da poboación estaba famélica e desnutrida pola gran carencia de proteínas e vitaminas, incluso de hidratos de carbono».

Pescuda no arquivo: *A vida na Galicia do XVIII.*

2. O SISTEMA AGRARIO: OS FOROS

A organización da propiedade da terra articulaba o sistema agrario galego. Os propietarios eran maiormente *mans mortas* (Igrexa e nobreza) e arrendaban as súas propiedades a través dos **foros**, eran contratos de longa duración que vinculaban o labrego co nobre ou a Igrexa, polo uso dos seus terreos a cambio dunha renda, que era unha porcentaxe da colleita normalmente vitalicia (aínda que isto variou co paso do tempo), e os intermediarios, normalmente *fidalgos*, que lles cobraban aos labregos e pagábanlles aos propietarios, quedando cun beneficio (*subforo*, unha comisión a maiores) que, como di o historiador J. Beramendi: "*Grazas ás canles de succión do sistema foral... o millo transmutábase en pedra ben labrada*", construíndo fermosísimos pazos, igrexas ou mosteiros.

Esta situación de forte fiscalidade fixo que tamén houbera conflitos (os *despoxos*), pero o sistema foral perduraría ata ben entrado o século XX.

No século XVII, a introdución do millo e da pataca axudarán moito a eliminar a fame en Galicia, complementaba a dieta a crianza dos porcos e a pesca, fundamentalmente da xouba. Un dos nosos emblemas paisaxísticos é o *hórreo* (na foto un dos mais grandes de Galicia) e os *canastros* ou *canizos* (máis usuais nas casas pobres), que se popularizan agora para gardar estes novos produtos.



Hórreo de Carnota (A Coruña), Dorieo. Dominio público



Cabazo de cesto e teito vexetal en Orosa (Palas de Rei) Xoacas CC BY-SA 2.0

3. O NACEMENTO DA INDUSTRIA EN GALICIA


En Galicia, xa desde tempo atrás, facíase todo o que consumía o mercado interno, xa que a importación de produtos de ultramar era moi cara.

Os estaleiros: destaca o militar en Ferrol, onde botaron *Os Doce Apóstolos*, 12 navíos de liña, na segunda metade do século XVIII. Os estaleiros privados facían as embarcacións para o comercio e a pesca, que neste tempo alcanza un gran desenvolvemento.

O sector téxtil, tanto para fornecer os barcos como a poboación, tivo o seu propio *domestic sistem*, como os comerciantes que deixaban material a cambio de traballo de tecido ou fiado. Evidentemente, isto fíxose cada vez máis grande e chegaronse a fundar auténticas fábricas xa cara ao século XIX (Barrié, na Coruña, facía sombreiros).


Pero o intento mais innovador da época foi a finais do XVIII coa creación da Real Fábrica de Sargadelos por Raimundo Ibáñez, unha siderúrxica (armas) e logo tamén unha cerámica que imitou modelos ingleses (Pickman) con moi bo resultado estético, aínda que non chegou a conseguir facer porcelana (o carácter de Raimundo fixo que o pobo o asasinara arrastrado por un cabalo acusándoo de afrancesado en 1809, aínda que a empresa de cerámica perdurou e recuperouse no século XX).

A industria pesqueira, coa chegada dos cataláns, atraídos pola enorme riqueza das nosas rías, fixo que introduciran novas artes de pesca como o *arrastre*, substituíndo o *cercos* (arte de pesca con traíñeiras), moito máis respectuoso coa natureza e que era a arte practicada habitualmente. Entramos así no nacemento das industrias de *salgadura* que, no século XIX, se converten en conserveiras. Chegarán a esquilmar os nosos caladoiros, ata hoxe.



Navío español del porte de 72 cañones visto por la ciudad de Barcelona en un dibujo de un barco y anclado de vela sobre un veloz.

O Guerreiro, navío de liña dos Doce Apóstolos, botado en Ferrol. Museo Naval de Madrid. Dominio público.



O cercos real. Sáñez Reguart. Museo do Pobo Galego. Dominio público

4. O PAPEL DA MULLER NA SOCIEDADE GALEGA

Coma en todas as sociedades da época, a muller ten un papel non recoñecido. Na sociedade galega da Idade Moderna o peso da tradición patriarcal dominante era moi grande.

Sobre elas recaía o peso das familias e das economías domésticas, pero non as oportunidades nin os dereitos. As mulleres estaban moi limitadas, sendo consideradas inferiores aos homes e sometidas á autoridade dos pais ou dos maridos.

A súa existencia baseábase no ámbito doméstico, na crianza dos fillos, no mantemento do fogar ou de coidadoras, traballos fundamentais para que outras actividades reservadas aos homes puidesen desenvolverse.

A moralidade da época, de forte influencia católica, facía que unha das cuestións máis importantes fose a da súa reputación, o cal as sometía a unha privación da súa liberdade e ao libre escrutinio público.

Aínda así, dependendo do estamento social a que pertencían, a súa situación podía variar.

No caso das **familias nobres**, a situación era algo mellor. As mulleres nobres tiñan maior acceso á educación, que era sempre no ámbito do fogar, normalmente a educación relixiosa e, ás veces, de artes, música ou idiomas. Eran raros os casos en que as mulleres, por ausencia da figura do home, xestionaban o patrimonio familiar.

A maioría foron utilizadas polas familias, con finalidade económica, a través dos casamentos.

A outra opción das mulleres era facerse monxas, neste caso pasaban a vivir baixo as regras das ordes relixiosas e algunhas mulleres chegaban a ser abadesas dalgún mosteiro.

As **mulleres dos grupos non privilexiados** tiñan como obxectivo vital o matrimonio e apenas tiñan capacidade de decisión nas familias. Traballaban no ámbito familiar, na agricultura, na artesanía (técnica principalmente), ou como servizo doméstico, de familias adiñeiradas ou nobres. Poucas veces cobraban polo seu traballo.

As familias burguesas podían, a diferenza das campesiñas ou das artesás, permitirlles ás mulleres acceder a unha educación básica.


Nesta época, o acceso á educación era moi limitado e as taxas de analfabetismo eran elevadísimas (sobre o 93 %), sendo moi superiores no caso das mulleres ca nos homes.

Será na **Ilustración**, a partir do S. XVIII, a que comece a reclamar unha posta en valor do papel da muller na sociedade, así, **frei Benito Feijoo** publicou *En defensa das mulleres*, onde reclamaba a educación das mulleres e a súa igualdade intelectual. O seu discípulo, **frei Martín Sarmiento** combate o determinismo biolóxico afirmando: "*son iguais aos homes en aptitude para as ciencias, para o goberno político e económico*".

Aínda, con todas esas dificultades, temos mulleres con especial relevancia e, entre moitas outras, destacamos a:

- *María Pita (1565-1643)*, defensora da Coruña ante o invasor inglés Drake coa Contraarmada.
- *Isabel Barreto (1567-1612)*, primeira almirante da navegación española, liderou a expedición ás illas Salomón.
- *Isabel Zendal (1773- descoñecido)*, primeira enfermeira en misión humanitaria coa vacina da varíola.

Todas elas son figuras de enorme relevancia, non só na Historia de España.



Expedición Balmis, na que ía Isabel Zendal a cargo dos portadores do virus da varíola. CC BY-SA 4.0. Revista Médica del Uruguay.

Para saber máis: os estudos realizados por Ofelia Rey Castelao e Serrana Rial García na súa obra *Historia das mulleres en Galicia: Idade Moderna*, editorial Nigratrea.



EXERCICIOS

Exercicio 1

En que estamentos se dividía a sociedade galega da Idade Moderna?

Exercicio 2

Que son os foros?

Exercicio 3

Como era a industria pesqueira da época, que arte utilizaba?

Exercicio 4

A Ilustración galega loitou polas mulleres, que dicían?

Exercicio 5

Dime o nome e que fixeron tres mulleres ilustres da Idade Moderna galega?



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

Distinguimos:

- Os **privilexiados**:
 - A nobreza.
 - O clero.
- Os **non privilexiados**:
 - O pobo.

Exercicio 2

Os **foros** eran contratos de longa duración que vinculaban o labrego co nobre ou coa Igrexa, polo uso dos seus terreos a cambio dunha renda, que era unha porcentaxe da colleita normalmente vitalicia.

Exercicio 3

A industria pesqueira, coa chegada dos cataláns, atraídos pola enorme riqueza das nosas rías, fixo que introduciran novas artes de pesca como o *arrastre*, substituindo o *cercos* (arte de pesca con traíñeiras), moito máis respectuoso coa natureza e que era a arte practicada habitualmente. Entramos así no nacemento das industrias de salgadura que, no século XIX, se converten en conserveiras. Chegarán a esquilmar os nosos caladoiros, ata hoxe.

Exercicio 4

A Ilustración galega, a partir do S. XVIII, comeza a reclamar unha posta en valor do papel da muller na sociedade, así, **frei Benito Feijoo** publicou *En defensa das mulleres*, onde reclamaba a educación das mulleres e a súa igualdade intelectual. O seu discípulo **frei Martín Sarmiento** combate o determinismo biolóxico afirmando: "*son iguais aos homes en aptitude para as ciencias, para o goberno político e económico*".

Exercicio 5

- *María Pita (1565-1643)*, defensora da Coruña ante o invasor inglés Drake coa Contraarmada.
- *Isabel Barreto (1567-1612)*, primeira almirante da navegación española, liderou a expedición ás illas Salomón.
- *Isabel Zendal (1773- descoñecido)*, primeira enfermeira en misión humanitaria coa vacina da varíola.